

VIAJE AL CUARTO DE UNA MADRE

[Celia Rico, 2018]

449

PASE ÚNICO EN NUMAX: 22 de outubro – 21:30 | Presentación e coloquio con Celia Rico

Viaje al cuarto de una madre (2018, 90')

Dirección: Celia Rico

Guión: Celia Rico

Elenco: Anna Castillo, Lola Dueñas, Pedro Casablanc, Adelfa Calvo, Marisol Membrillo, Susana Abaitua, Ana Mena, Silvia Casanova, Maika Barroso, Noemí Hopper

Son: Albert Manera

Montaxe: Fernando Franco

Música: Paco Ortega

Dirección de arte: Mireia Carles

Vestuario: Vinyet Escobar

Fotografía: Santiago Racaj

Produtoras: Amorós Producciones, Arcadia Motion Pictures, Canal Sur Televisión, Noodles Production, Pecado Films, Sisifo Films AIE, Televisión Española (España / Francia)

Distribuidora: Alfa Pictures

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Español

PREMIOS E FESTIVALS

Donostia 2018 (Premio da Xuventude),
BFI London Film Festival 2018
(Nomeado ao Premio Sutherland)

FILMOGRAFÍA

Luisa no está en casa, 2012
[curtametraxe]

SINOPSE

Leonor quere marchar de casa, pero non se atreve a dicirlllo á súa nai. Estrella non quere que marche, pero tampoco retela ao seu carón. Nai e filla terán que afrontar esa nova etapa da vida na que o seu mundo en común cambalea.

«Unha emocionante historia de amor materno-filial»

Beatriz Martínez, FOTOGRAMAS



VIAJE AL CUARTO DE UNA MADRE

[Celia Rico, 2018]

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Notas da directora

Celia Rico Clavellino

Esta historia agroma dunha sensación física, como filla que se desprende do niño familiar onde a confortábel calor me deixaba ao acubillo do frío. Ou aprisionábame. Non era doado saír daquel braseiro. Podería ter pasado as horas a durmir a sesta neste colo, comodamente, mentres a vida transcorría lonxe, noutra parte, arredada do confort da casa de meus pais.

Este é un filme íntimo, familiar, sobre este paso necesario, aínda que non sempre doado, que se produce en todas as relacións entre pais e fillos. Os fillos sempre marchan da casa. É lei de vida, di a expresión. E aínda así, non hai ningunha fórmula segura para emprender esta viaxe.

Pero nesta viaxe non só se embarcan os que van. Cando marchamos, deixamos un baleiro enorme entre as catro paredes dunha casa que ninguén sabe como encher. É aí, nese lugar, onde me quixen asomar para pensar na relación a distancia entre unha nai e unha filla. Son moitos os filmes que teñen retratado o proceso de emancipación dos mozos na busca da independencia, pero moi poucos exploraron esta viaxe, a dos pais que fican atrás.

Viaje al cuarto de una madre é un filme sobre os lazos familiares que constantemente nos unen e separan, fannos fortes e á vez tan fráxiles. Un filme sobre os apegos e as distancias entre unha nai e unha filla que emprenden unha dobre viaxe para descubrir o complexo que é quererse.

Dicía Yasujiro Ozu que a traxedia da vida comeza co vínculo afectivo entre pais e fillos. Querer ben, sen coartar o outro nin renunciar a un mesmo se cadra é unha das tarefas máis difíciles nas relacións paterno-filiais. Este filme pretende capturar eses intres delicados da vida onde o amor se revela no saber afastarse, no deixar ir.

Estrella é costureira, como a miña nai. A costura fixo parte da miña infancia, medrei rodeada de teas, escoitando o traqueteo incesante da máquina de coser e cortes incisivos dunha tesoiira. Así que, dun xeito moi natural, o oficio da miña nai foi clave á hora de crear o personaxe que interpreta Lola Dueñas. É a súa máquina de coser a que aparece no filme e foi ela a mestra de costura de Lola durante o proceso de preparación do personaxe de Estrella.

Pedinlle á miña nai que lle ensinase a Lola o seu oficio; un oficio artesanal, case en extinción, feito desde casa. Durante un par de meses Lola visitou o cuarto de costura da miña nai a diario e alí aprendeu a coser como se o levase facendo toda a vida. Coseron durante tantas horas que gran parte do vestiario e atrezzo do filme saíu daquel cuarto de costura.

Ás veces eu entraba nel para compartir este proceso; facíalles de

modelo para que tomasen medidas ou para que probasen o que estaban a deseñar. Outras veces, a maioría, espíabaas sen que se decatasen e observaba a relación tan especial que se estaba a crear entre elas dúas e unha máquina de coser.

Este foi o meu primeiro filme e como toda primeira vez, descubrín moitas cousas mentres o facía. Dicía Chantal Akerman que hai que rodar un filme para entender un guión. Estrella é costureira porque para min a maternidade é indisciñábel deste oficio, que só entendo como un acto de creación e de protección, como un acto de xenerosidade.

Supoño que hai moitos xeitos distintos de ficir *quérote* e, ás veces, facémolo á nosa maneira, dándolle forma de tea ou filme. Como escribiu Xavier de Maistre en *Viaje alrededor de mi cuarto*, título que, en parte, inspirou este filme, «cando viaxo polo meu cuarto, dificilmente sigo unha liña recta».

Publicado en alfapictures.com.

NA LIBRARÍA NUMAX

Viaje alrededor de mi habitación,
Xavier de Maistre. Funambulista, 2011

Voyage autour de ma chambre,
Xavier de Maistre. Flammarion, 2003

Primavera tardía Yasujiro Ozu.
A Contracorrientefilms [DVD]

Exilios, Chantal Akerman. Intermedio [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€
Faite NUMAX!

Abónete agora e ven sempre por